



808

# Solicitud de redución na cota das taxas pola prestación de servizos de auga, saneamento e lixo

20081121

## ▸ Datos solicitante:

▸ Primeiro Apelido  ▸ Segundo Apelido

▸ Nome (ou denominación social)

▸ CIF/NIF/NIE  ▸ Letra  ▸ Tlf.

▸ Enderezo: Tipo de vía (rúa, praza, etc)  ▸ Nome da vía

▸ Número  ▸ Escaleira  ▸ Andar  ▸ Porta

▸ Localidade  ▸ Provincia  ▸ CP

## ▸ Datos representante: (cando proceda)

▸ Primeiro Apelido  ▸ Segundo Apelido

▸ Nome

▸ NIF/NIE  ▸ Letra  ▸ Tlf.

▸ Enderezo: Tipo de vía (rúa, praza, etc)  ▸ Nome da vía

▸ Número  ▸ Escaleira  ▸ Andar  ▸ Porta

▸ Localidade  ▸ Provincia  ▸ CP

## ▸ Datos do obxecto tributario

▸ Referencia catastral

▸ Enderezo: Tipo de vía (rúa, praza, etc)  ▸ Nome da vía

▸ Número  ▸ Escaleira  ▸ Andar  ▸ Porta  ▸ Número fixo

## ▸ Datos do propietario do obxecto tributario

▸ Primeiro Apelido  ▸ Segundo Apelido

▸ Nome  ▸ NIF  ▸ Letra

## ▸ Solicita a redución na cota da taxa por (marque cunha X o que proceda)

- a) Ser contribuínte beneficiario do RISGA ou rexímenes análogos. *Documentación a achegar*
- 1 Fotocopia compulsada do acordo de concesión da RISGA our réxime protector de carácter público análogo.....
  - 2 Fotocopia do último recibo de pago da taxa polo servizo de abastecemento de auga.....
  - 3 Fotocopia do NIF do propietario do inmovible (no caso de non coincidir co contribuínte).....
  - 4 Fotocopia do contrato de aluguer ou documento que acredite que o propietario do inmovible cédelle o uso daquel ao solicitante da redución da cota.....
- b) Estar nunha zona con recollida de lixo en días alternos (só para a taxa de recollida de lixo con recollida de lixo de 3 ou menos días á semana).

▸ Pontevedra, de  de 20

▸ Sinatura do solicitante  ▸ Sinatura do representante

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Pontevedra. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro Xeral do Concello.

## ► Instrucións para cubrir a solicitude

---

- **Datos solicitante.** A persoa solicitante será a obrigada ao pagamento e poderá actuar por medio de representante.
- **Datos representante.** Só se cumprimentarán estes datos cando a persoa solicitante actúe a través dun representante asignado. En caso de persoas xurídicas a representación deberá acreditarse con poder bastante, mediante documento público ou privado con sinatura debidamente lexitimada notarialmente ou por comparecencia. En caso de persoas físicas, bastará con que o **representante asine** esta solicitude, **xunto co solicitante** no espazo reservado para elo, e acheguen copia dos NIF.
- **Datos do obxecto tributario.** Deberase reflectir **necesariamente** a referencia catastral do inmovible e o número fixo, así como: o nome os apelidos e o NIF da persoa propietaria do inmovible. (Estes datos obteralos do recibo do imposto sobre bens inmovibles IBI )

## ► Información

---

### ► Para obter unha redución da cota a 0,00€ na taxa por abastecemento de auga, recollida de lixo e rede de sumidoiros

Deberán solicitala os contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado, achegando o seguinte:

- Este impreso debidamente cuberto
- Unha fotocopia do NIF das persoas físicas solicitantes do beneficio fiscal, así como se é o caso, xustificante que acredite a actuación a través de representación e NIF da persoa que actúe como representante.
- A fotocopia compulsada do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter público análogo.
- Unha fotocopia do último recibo de pago da taxa polo abastecemento de auga, recollida de lixo e rede de sumidoiros.
- Identificación da referencia catastral do inmovible obxecto da prestación do servizo de abastecemento de auga (copia do recibo do imposto sobre bens inmovibles,...).
- No caso en que o inmovible obxecto de subministro onde resida o solicitante da exención non sexa da súa propiedade, deberá achegar ademais:
  - Fotocopia do NIF do propietario do inmovible.
  - Fotocopia do contrato de aluguer ou documento que acredite que o propietario do inmovible cédelle o uso do mesmo ao solicitante do beneficio fiscal.

O carácter desta solicitude é **rogado**, xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ao da solicitude.

Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados nos puntos anteriores, requirirase ao interesado na forma establecida no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para que nun prazo de 10 días emenden a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, considerarase que desistiu da súa petición, logo de resolución ditada para o efecto.

Tanto o propietario do ben inmovible obxecto da prestación do servizo como o beneficiario **terán a obriga de comunicar á administración municipal calquera modificación** nos datos relativos a esta solicitude de redución.

Cando o réxime protector ao que estea acollido o interesado se acorde por un **período de tempo determinado**, deberase renovar esta solicitude e presentar soamente os documentos expresados nas letras a) e c).

O cambio de domicilio por parte do beneficiario suporá o cese da redución da cota na taxa con efectos no mesmo bimestre en que efectivamente se probe. No seu caso deberá facer unha nova solicitude con todos os documentos expresados anteriormente para a concesión do beneficio fiscal no novo domicilio.

O canon de saneamento é un tributo da Comunidade Autónoma e non está afectado pola exención municipal, é dicir, que no caso no que se sexa concedida a exención, o canon por saneamento esixirase de todas formas.

### ► Para obter unha redución do 50% na tarifa na taxa pola recollida de lixo

Deberán solicitala os substitutos dos contribuíntes dun inmovible que estea nunha zona onde a recollida de lixo teña lugar tres ou menos días á semana.

## ► Normativa reguladora

---

Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).

Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.

Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga.

Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de xestión da rede de sumidoiros.